

Adivina que árbores (ou outras plantas) son!



Mira as fotos (non son moi boas) e le as pistas, e adiviña que especies son. Pódente axudar!

1- É a mesma da portada. Usábase moito para abonar, e para facerlle a cama ao gando. Ten unhas flores marelas moi bonitas. Sabedes como se chaman?



2- Esta é moi doada de recoñecer. Moitos dos nosos montes foron repoboados con esta especie. Na Chaira hai unha chea!



3- Esta árbore veu dende Australia. Medra moi rápido e por eso hai moitas plantacións en Galicia. É mala para o solo, e arde con moita facilidade.



4- Esta é un pouco difícil, porque non a hai preto do Pereiro.  
En Galicia pódese atopar preto da fronteira con León, onde  
hai un bosque moi bonito delas, e algunhas no Xurés.  
Noutras áreas do Norte de España, como na Cordilleira  
Cantábrica, hai moitas e son moi fermosas.





5- Esta árbore é colonizadora, e pode ir ocupando áreas para que logo veñan os castiñeiros, carballos... Coa súa cortiza branca facíanse moitas cousas. En Montederramo, preto da Serra de San Mamede, hai un bosque deles moi interesante.







6- Esta planta abunda na nosa provincia. Ás veces aparece máis coma arbusto, pero noutros casos parece unha árbore. Da uns froitos de cor laranxa, comestibles. Aos paxaros gústanlles moito. Da nome a algunha rúa da cidade de Ourense. Como curiosidade, podedes atopar un no escudo de Madrid.



7- Esta árbore é moi importante en España, polo que se saca do seu froito. En Andalucía hai moitísimas. Pode vivir moitísimos anos, e hai quen as merca xa de vellas para levalas ao seu xardín. En Galicia tamén hai, e no pasado houbo aínda máis, como na zona de Quiroga... (as fotos non son moi boas)



8- Esta planta estivo moi ameazada polo costume de cortar polas con froitos para ornar a casa no nadal. Gústalle as zoas de montaña, e bosques húmidos e ás veces sombríos. É moi bonita.





9- Esta árbore froiteira hai pouco que tivo as flores brancas, e agora vánselle vendo os froitos, que por certo son moi saborosos. Hai que estar pendentes, non veñan os melros e nos deixen sen nada!







10- Esta árbore era moito máis abundante, pero coa súa madeira facíanse arcos e outros obxectos, e foi desaparecendo de bastantes áreas. Algunhas veces plantábanse preto das eirexas e cemiterios, e hai exemplares de miles de anos. En Ourense, na zona de Trevinca, temos un dos poucos bosques naturais destas árbores, cunhas formas misteriosas e increíbles. É unha planta velenosa.







- 11- Esta árbore da uns froitos moi saborosos. É caprichosa, e non lle gustan todos os solos. Coidado se subides a apañar a froita, que as pólas creban con facilidade. Rosalía despedíase das que plantara.



12- Esta vai ser difícil polas fotos. Aos que vos guste a montaña coñecerádela, porque é o seu lugar favorito. Ten uns froitiños de cor laranxa, moi importantes para os paxaros .





13- Esta árbore é moi interesante. A súa cortiza úsase para tapar botellas e elaborar moitas cousas. En Ourense hai bastantes, como na zona do Castro de San Tomé. No barrio das Lagoas hai unha que ten centos de anos!





14- Esta árbore foi moi importante en Galicia para loitar coa fame durante moitos anos. Aínda hai soutos increíbles delas, en áreas coma a Ribeira Sacra, nas que podedes atopar exemplares de centos de anos, con formas misteriosas. Cos seus froitos facemos unha festa moi interesante en Ourense! A pena é que a danan enfermidades como o chancro e a tinta, e agora unha avispiña que a fastidia.







15- Os bosques formados por estas árbores son moi típicos de Galicia, e no Pereiro e arredores hai algúns estupendos. Pódense ver as marcas de miles de carros na rocha, e son o hábitat de moitos animais. A esta caeulle unha póla este ano no temporal.



16-Outra con fotos non moi boas. É unha árbore que lle gustan as áreas húmidas, preto dos ríos. Usábase para madeira, para mangos de ferramentas, cestos, pezas de carro...





17-Esta árbore tamén se atopa nas nosas fragas. En Canadá teñen unha folla súa na bandeira, e fan un sirope moi doce con ela.





18-Esta árbore de folla perenne utilízase moito en cociña. Da nome a pobos, e coas súas follas facíanse coroas xa hai moitos centos de anos.



19-Esta árbore ou arbusto, según, atópase doadamente nos nosos campos. As súas flores brancas pódense comer, e co seu froito fanse marmeladas (hai unha empresa en Galicia especializada) e licores. Esta tróuxoa da zoa do Carballiño un profe moi bo chamado Manuel.







20- Esta plantiña sónavos? A pista ía ser para que se usaba antes, pero case mellor o adiviñades vós!





Apuntade, e a ver cantas acertastes!

